

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 24/07/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 24/07/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da aca da sesión anterior celebrada o día 27 de xuño de 2024.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xuño de 2024.

3.- Aprobación, se procede, do orzamento xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2024. Anexo de investimentos, operación de crédito que o financia, así como o cadro de persoal (plantilla), RPT e oferta de emprego público.

4.- Aprobación, se procede, da modificación de representación municipal, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

5.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo político Municipal do BNG, sobre medidas para frear o aumento do prezo dos alugueiros e facilitar o acceso social á vivenda na cidade.

7.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo político Municipal do PP, sobre rexeneración da Praia "O Preguntoiro"

8.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

9.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10.- Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

11.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

12.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 27 DE XUÑO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 27 de xuño de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 3 Aprobación de Pregos
- 2 Designación letrados
- 1 Resolución desestamento licitación
- 1 Resolución ampliación prazo obra
- 1 Resolución avocación de competencias
- 1 Autorización cambio de vehículo licenza taxi
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obra
- 7 Expediente de transferencia de crédito
- 1 Expediente de modificación de crédito por xeración de crédito
- 5 Expediente de modificación de crédito por subvención
- 5 Autorización festa ao aire libre
- 16 Nomeamento Auxiliar Policía Local
- 1 Corrección erro material nomeamentos
- 1 Anulación nomeamentos Policía Local Auxiliar por erro nas datas
- 1 Aboamento noites persoal distintos servizos
- 1 Excedencia por incompatibilidade
- 4 Dedución de haberes por ausencia inustificada do posto de traballo
- 5 Nomeamento Funcionario/a interino/a
- 1 Nomeamento Funcionaria de carreira
- 7 Substitución posto de categoría superior
- 1 Delegación funcións Alcaldía
- 1 Bases convocatoria selección 12 socorristas
- 1 Despido disciplinario
- 1 Pagamento Plan de pensións
- 2 Resolución aprobación de pregos
- 14 Resolución primeiras alegacións ordinario
- 1 Resolución vehículo vixancia tráfico
- 2 Arquivo expediente Policía Local
- 3 Estimatoria ICIO
- 1 Desestimatoria ICIO
- 4 Estimatoria liquidacións e baixas
- 3 Estimatoria compensación de débedas
- 5 Estimatoria recibos
- 1 Arquivo expediente Tesourería
- 4 Resolución sancionadora
- 1 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovible
- 1 Estimatoria execión IBI
- 4 Estimatoria Bonificación IBI
- 40 Estimatoria pagos duplicados
- 3 Estimatoria IIVTNU
- 1 Desestimatoria IIVTNU
- 46 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM

1 Desestimatoria IVTM
26 Estimatoria taxas e prezos públicos
2 Estimatoria derivación subsidiaria
1 Estimación rehabilitación de créditos
5 Resolución recurso de reposición ordinario
5 Comisións bancarias
12 Orde de pago facturas
1 Préstamo bancario
43 Comunicación previa obras menores
11 Deber de conservación
13 Reposición da legalidade urbanística
17 Licenza de obra menor
1 Innecesariedade de segregación de parcelas
17 Licenza de obra maior
2 Comunicación apertura de establecementos
3 Licenza de primeira ocupación
2 Orde de execución limpeza de malezas
1 Aprobación inicial Estudio de Detalle
1 Expediente sancionador actividades
1 Ampliación horarios establecementos hostalería
TOTAL: 371

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E A FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024. ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANZA, ASÍ COMO CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA), RPT E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contas, de data 22 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria e proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao orzamento anterior.

A elaboración do Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que nunha situación de normalidade debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

Sen embargo, considerando que estamos na etapa de inicio da superación da grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia do COVID19 e pola posterior invasión de

Ucrania que deu lugar a adopción de medidas económicas que afectaron a sectores claves como ó enerxético e dos combustibles, así como alterando o comercio mundial, o que deu lugar a suspensión das regras fiscais ata o pasado exercicio 202,3 para que as administracións públicas poidamos afrontar políticas que den cobertura as novas necesidades da situación de transición na que nos atopamos, elaborase un orzamento que pretende responder aos reforzo necesario dos servizos básicos e esenciais así como o apoio aos mais necesitados, sen renunciar a establecer o camiño da recuperación da normalidade en termos de orzamentos e de actividade do Concello.

E por iso que os orzamentos para o exercicio 2024, se ben tratan de manterse dentro dos principios consagrados na LOEOSF 2/2012, afrontan liñas de actuacións que permitan recuperar a senda da normalidade, esperando que de cara o vindeiro 2025 a situación se teña reconducido. Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2024 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

O Orzamento segue a recoller un forte carácter social ao aumentar as políticas de benestar social e as axudas precisas para a poboación mais vulnerable, así como políticas de impulso económico, de emprego e de emprendemento, sen esquencer a dotación de mais recursos a departamentos que no anterior orzamento viron reducidas as consignacións a consecuencia da menor actividade, tales como Cultura, Deportes...etc. Tamén dotase dos investimentos necesarios para o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade. Como novidade se reflicten neste orzamento as previsión económicas derivadas da reversión das instalacións e do persoal do Parking da Praza de Xoan XXIII.

O orzamento para o exercicio 2024 responde á realidade socio-económica, dentro dun marco orzamentario a medio prazo de tres anos (2024-2027) imprevisible e que obrigadamente se separa das liñas orzamentarias fundamentais para o 2024 aprobadas en marzo de 2024.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- Liquidación do exercicio 2023.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal incluída na aprobación da RPT(Relación de Postos de Traballo) no mes de outubro 2022.
- As variacións na estrutura do persoal derivados dos procesos de estabilización de emprego temporal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2024).
- O teito de gasto non financeiro para 2024.
- Os orzamentos municipais para o exercicio 2024 preséntanse equilibrados, asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.
Procédese a continuación a sinalar as cuestións máis destacables en materia de gastos e ingresos

1. ESTADO DE GASTO:

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2024 aumenta un 32,23% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2022 prorrogado no ano 2023, destacando o incremento dun 3.386,86% no capítulo 6 de inversións reais:

CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2023 actualmente prorrogado para o ano 2024, o gasto de persoal increméntase principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar os incrementos salariais que se aplicaron acumulados no período 2022 a 2024, pero tamén do incremento da dotación para aportacións o plan de

pensións do persoal municipal que se actualiza en base á evolución do IPC.

Tamén obedece o incremento, a dotación orzamentaria para creación de novas prazas e incremento das achegas municipais a planes de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego segundo o incremento producido no SMI no período 2022 a 2024.

Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, resulta:

Funcionarios de carreira 305

Persoal laboral 10

Persoal Eventual 6

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 315 prazas estruturais e 6 postos de persoal eventual: non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

O cadro de persoal reflicte o resultado do procedemento de estabilización de emprego temporal previsto pola Lei 20/2021 en prazas de persoal estrutural. Así como a reversión das instalacións e do persoal do Parking da praza Xoan XXIII como persoal laboral estrutural, e o incremento de xornadas de 3 postos de TSAAFD e de incrementos de xornada de varios postos de profesor de música da EEMM por amortización de dúas prazas respectivas.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama que se adxunta a esta proposta.

AREA DE IGUALDADE: CIM

O servizo de atención psicolóxica e un dos servizos esenciais que deben prestar os Centros de Información á Muller tal e como ven determinado no Decreto 182/2004 polo que se regulan os CIM. No Concello de Vilagarcía o servizo de apoio psicolóxico leva funcionando dende o ano 2005 cunha carga horaria de 15 horas semanais. Dende dito ano 2005 e ata a data actual ten transcurridos máis de 15 anos. Nestes anos a implantación do CIM na sociedade de Vilagarcía é un feito innegable o que repercute nun incremento paulatino no número de mulleres atendidas das que moitas delas son derivadas ao recurso de apoio psicolóxico. Ademais hai un aumento considerable da coordinación con outras entidades ou organizacións que traballan con mulleres (UFAM, EMUME, 016, SERGAS...) o que inflúe tamén nas derivacións que recibimos para apoio psicolóxico.

Ao longo destes anos a media de atencións estaba ao redor das 430 atencións anuais, pero nos derradeiros anos o número de atencións incrementouse en máis dun 30% para o mesmo período, e se acadaron no pasado ano 161 mulleres atendidas máis. Este incremento afecta tanto á asignación de citas de seguimento, como ás citas xa asignadas que en moitas ocasións estanse cambiando de data para acoller casos novos ou urxentes que aparecen coa práctica diaria.

A ampliación do horario a xornada completa do servizo de apoio psicolóxico permitiría: Atender en tempo e intervalos axeitados as situacións complexas que presentan as mulleres que reciben atención psicolóxica no CIM; Recuperar as terapias de grupo, sumamente eficaces na evolución favorable das usuarias. Poder atender adecuadamente a fillas e fillos das mulleres en situación e violencia. Contribuir moi activamente ao fortalecemento de redes de apoio entre as mulleres para xerar tecido social como recurso ante a soidade en moitas destas situacións.

Por todo elo se reflicte a configuración a xornada completa dun posto de Psicólogo adscrito ao CIM que actualmente está previsto a tempo parcial do 40%.

O custe estimado para o ano 2024:

PLAN DE PENSIÓNS

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 37,53€/mes. O acordó de negociación colectiva vixente (Acordo Marco

e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC acumulado a decembro de 2023 é que é do 5.9%, por elo procede actualizar dito importe polo período ata decembro do ano 2023, o que supón que aportación individual anual para o ano 2024 sería de 39.74€/mes, o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2023 de 4.982,59€ anuais.

PLANIFICACIÓN DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A/ Promoción Interna

Promoción interna postos existentes de servizos exteriores

Procede continuar co proceso xa iniciado en anteriores anualidades de profesionalización do cadro de persoal municipal e aprobar o seguinte cadro de promoción interna para os postos e servizos seguintes:

DENOMINACIÓN	DOT	R.E.	SubG R	AREA/SERVIZO
OFICIAL	1	F	C2	MEDIOAMBENTE
OFICIAL	2	F	C2	VIAS PÚBLICAS
AUXILIAR BIBLIOTECA	3	F	C2	BIBLIOTECA

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultas e dos postos vencellados a ditas prazas.

OFERTA EMPREGO PÚBLICO

2 prazas vacante de Policía Local C2

2 prazas vacantes de Operario de Emerxencias. AP

1 praza de Técnico Medio Informática A2

1 praza de Técnico Superior Administración Especial A1

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e a evolución inmediata da mesma procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e relación de postos de persoal eventual.

Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as retribucións que foron aprobadas no pleno organizativo do 27 de xullo do 2023.

CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, prodúcese un incremento de gastos correntes nun 15,36 % con respecto ao Orzamento do exercicio 2022, representando un 42,50% sobre o total do orzamento de gastos, o que responde a prioridade de retomar a actividade normal do Concello, impulsando novamente as actuacións e políticas en todas as áreas.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asemade, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e

reparacións nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica...etc

O proxecto de orzamento 2024 da cobertura a gastos pola revisións de prezos de contratos de xestión de servizos como o SAF e de Limpeza e tratamento de residuos, e os expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito seguintes:

ANPA Colexio Público O Piñeiriño	320/48003	757,50€
Bonificación Taxas subministro auga	161/489	2.988,21€
Canon Auga	161/2205	14.134,71€

Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións das Escolas Infantís de Carril, Vilaxoan ao abeiro dos Convenios asinados co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Na aplicación 929-22699 mantense crédito á vista para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería municipal).

Tamén recolle o crédito para comisións financeiras e xuros de demora.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operación correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2024 sendo o importe total de 274.600,00 €.

Seguen a dotarse as aplicacións de axudas de emerxencia de pago único de corrente, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais. Mantéñense as subvencións nominativas incorporando novas entidade na área de Benestar Social.

Mantense a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal, da Asociación Protectora de Animais, así como para as Mancomunidades de Montes para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

Mantense unha dotación para programas de axudas a creación de emprego no programa 241.

A aplicación orzamentaria máis significativa segue a ser a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes que ascende a 1.298.488,89€

CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

Xa dende o exercicio 2017, como consecuencia da cancelación do Plan de Axuste, deixou de ser obrigatorio a consignación inicial dun fondo de continxencia equivalente o 0,5% da total dos gastos non financeiros (Cap. 1, 2 e 4), tal e como establecía o artigo 18.4 do RD 8/2013 , de 28 de xuño; non obstante este equipo de goberno seguiu a dotar de crédito este capítulo co fin de contar sempre cunha marxe de actuación que asegúrase a nosa solvencia fronte a situacións excepcionais.

Consignase unha pequena contía co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500, polo importe de 40.000 €.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2024.

CAPÍTULO VI- INVERSIÓNS REAIS

O capítulo VI de inversións e o que reflicte un aumento máis significativo. Xa que pasa a ser de 6.228.512,64 € dentro do que se inclúe a previsión da concertación dunha operación de crédito de 4.903.147,84 €, financiándose con outros recursos a cantidade restante de 1.325.364,80 €.

A operación de préstamo financia un 78,72% do anexo de e que se destina non só para afrontar gastos de inversión recorrentes ou de reposición senón tamén a financiar novos proxectos de inversión. Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 15,6% do total do Orzamento.

Con esta proposta danse resposta aos compromisos plenarios en mellora de saneamento, vías públicas, transformación urbana, mellora de accesibilidade, mobilidade e instalacións deportivas. Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación coas transferencias de capital mantense a dotación para a subvención de capital derivada do Convenio de colaboración que cada ano asínase co Padroado da Banda Municipal de Música por importe de 7.500,00€.

Mantense crédito para axudas de emerxencia para gastos hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación realízase pola Tesourería Municipal sobre a base dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias confeccionando o Estado da Débeda para o 2024.

Este capítulo vese aumentado respecto o 2023 como consecuencia da alzas de tipo de xuro que afectan loxicamente as operacións de crédito concertadas e vivas durante o exercicioo 2024.

Remítome o Estado da Débeda confeccionado polo Departamento de Tesourería e incorporado ao expediente administrativo.

2. ESTADO DE INGRESOS:

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2024 aumenta un 30,38% con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2022 prorrogadas no exercicio 2023.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóbeis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A elaboración das previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos fíxose sobre a base do informe confeccionado pola Tesourería Municipal e que consta no expediente.

O capítulo 1 experimentan un incremento do 7,46% pese a que non se opera ningunha subida do tipo fiscal.

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO redúcese nun 5,42%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira baseadas en criterios de prudencia:

O importe dos DRN neste concepto responde a expedientes con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considera-los como estruturais.

CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2024, este é un dos capítulos que sofre un incremento vencellado a aqueles conceptos vencellados con actividades culturais, ocio e lecer deportivo...etc, que empezan a recuperarse tras a pandemia.

Por outro lado se aumenta a previsión de ingresos por ocupación da vía pública con mesas e cadeiras como consecuencia da volta a actividade no 2024.

Este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás nos conceptos referidos ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) e Escola Municipal de Música, así como á taxa do Conservatorio, nos que se tomou como referencia os informes remitidos polos servizos.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados ao cofinanciamento de determinados servizos.

Debese destacar o aumento da participación dos tributos do estado, que se viron incrementados un 53,79% na cantidade de 2.361.562,96€.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizos de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil, ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Se consignan unhas previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal practicamente idénticas ao exercicio 2023.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REAIS

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO.

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Se prevé a concertación a final do exercicio 2024 dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos que se incorpora ao expediente do orzamento por importe de 4.903.147,84 € e que se resume nas seguintes actuacións de inversión:

C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2024 se manteñen case inalteradas respecto as xa vixentes coa excepción das previsións de subvencións nominativas e de puntualizacións na redacción máis clara nalgún aspecto.:

D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”.

dende o 20 de outubro de 2020 operou a suspensión dos obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e da regra de gasto para o período 2020-2023, e que volta a estar operativo para o exercicio 2024 por elo segue a resultar necesario aprobar un límite de gasto no financeiro de conformidade có art. 30 da LOEPSF, que virá limitado polo total de ingresos non financeiros e a nivelación presupostaria do TRLRL, en canto a que os ingresos correntes deben dar cobertura os gastos correntes e os gastos de amortización de débeda.

O teito de gasto non financeiro consolidado para o 2024, dentro do límite dos INGRESOS NON FINANCEIROS e coherente có principio de nivelación orzamentaria e ascende a 34.834.052,40€:

CONCLUSIONES:

O Orzamento que se presenta a aprobación representa un mantemento das políticas sociais de apoio aos máis vulnerables, sen desatender o impulso do emprego e do emprendemento, recuperando significativa mente a iniciativa pública na realización de inversións estruturais.

Segue a ser primordial a vertente social da nosa xestión mediante o incremento das dotacións para axudas, becas e subvencións nominativas, así como para a prestacións de servizos no ámbito do benestar social, igualdade.

Presentamos uns Orzamentos para o exercicio 2024 onde as distintas áreas comezan a impulsar os programas, actividades e plans de cada departamento para afrontar a maior demanda da cidadanía.

O proxecto de orzamento 2024 recolle unhas previsións de ingresos correntes reais e prudentes pero acomodadas a un alza de prezos elevada e acumulado dende o anterior orzamento aprobado no ano 2022: suficientes para a cobertura os gastos crecentes nas actuacións propias do concello, así como atender os servizos mais esenciais, sendo imprescindible acudir o endebedamento financeiro para poder acometer investimentos estruturais que dan continuidade as iniciativas xa comezadas en anos anteriores.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1- A aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2024 seguinte:
Concello de Vilagarcía de Arousa

C A P Í T U L O G A S T O S		
1	GASTOS DE PERSONAL	14.054.681,93
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	14.680.378,19
3	GASTOS FINANCIEROS	314.321,72
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	3.417.305,76
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	40.000,00
6	INVERSIONES REALES	6.228.512,64 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	950.000,00
Total Presupuesto . . .		39.887.200,24 €

C A P Í T U L O I N G R E S O S		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	12.075.232,43 €
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	560.282,42 €
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	7.077.171,63 €
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	15.111.676,69 €
5	INGRESOS PATRIMONIALES	9.689,23 €
6	ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	4.903.147,84 €
Total Presupuesto . . .		39.887.200,24 €

Organismo Autónomo FPSDM

C A P Í T U L O G A S T O S		2024	
1	GASTOS DE PERSONAL	621.593,89	€
2	GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	598.000,00	€
3	GASTOS FINANCIEROS	50,00	€
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	134.360,00	€
6	INVERSIONES REALES	3.500,00	€
Total Presupuesto . . .		1.357.503,89	€
C A P Í T U L O I N G R E S O S			
3	TASAS Y OTROS INGRESOS	59.015,00	€
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.298.488,89	€
5	INGRESOS PATRIMONIALES		
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		
8	ACTIVOS FINANCIEROS		
Total Presupuesto . . .		1.357.503,89	€

2.- Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2024, que ascende a 34.834.052,40€.

3.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) coas modificacións citadas que comprenden a ampliación de xornada a tempo completo dun posto de psicólogo, a promoción interna de 3 prazas de oficial, 3 de Auxiliar de Biblioteca. E a creación de dous novos postos de persoal eventual cunha retribución individual anual a tempo completo de 31.636,08€

4.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que aportación individual anual para o ano 2024 sería de 39.74€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2024 de 4.812,18€ anuais.

5.- Aprobar a realización dunha Oferta de Emprego Público seguinte:

- 2 prazas vacante de Policía Local C2
- 2 prazas vacantes de Operario de Emerxencias. AP
- 1 praza de Técnico Medio Informática A2
- 1 praza de Técnico Superior Administración Especial A1

6.- Aproba a convocatoria por Promoción Interna seguinte:6

DENOMINACIÓN PRAZA	DOT	R.E.	SubGR
OFICIAL	1	F	C2
OFICIAL	2	F	C2
AUXILIAR BIBLIOTECA	3	F	C2

7.- Publicar o cadro de persoal integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

PROPOSTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA) E ANEXO PERSOAL (VALORACIÓN ORZAMENTARIA ANO 2024:

Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, resulta:

Funcionarios de carreira 305

Persoal laboral 10

Persoal Eventual 6

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 315 prazas estruturais e 6 postos de persoal eventual: non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

O cadro de persoal reflicte o resultado do procedemento de estabilización de emprego temporal previsto pola Lei 20/2021 en prazas de persoal estrutural. Así como a reversión das instalacións e do persoal do Parking da praza Xoan XXIII como persoal laboral estrutural, e o incremento de xornadas de 3 postos de TSAAFD e de incrementos de xornada de varios postos de profesor de música da EEMM por amortización de dúas prazas respectivas.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama que se adxunta a esta proposta.

A presente proposta e a documentaciónm anexa foi obxecto de negociación coa representación sindical na mesa xeral de negociación conxunta acadando o acordo por unanimidade sobre a mesma na xuntanza celebrada o 5 de xullo de 2024.

AREA DE IGUALDADE: CIM

O servizo de atención psicolóxica e un dos servizos esenciais que deben prestar os Centros de Información á Muller tal e como ven determinado no Decreto 182/2004 polo que se regulan os CIM. No Concello de Vilagarcía o servizo de apoio psicolóxico leva funcionando dende o ano 2005 cunha carga horaria de 15 horas semanais. Dende dito ano 2005 e ata a data actual ten transcurridos máis de 15 anos. Nestes anos a implantación do CIM na sociedade de Vilagarcía é un feito innegable o que repercute nun incremento paulatino no número de mulleres atendidas das que moitas delas son derivadas ao recurso de apoio psicolóxico. Ademais hai un aumento considerable da coordinación con outras entidades ou organizacións que traballan con mulleres (UFAM, EMUME, 016, SERGAS...) o que influe tamén nas derivacións que recibimos para apoio psicolóxico.

Ao longo destes anos a media de atencións estaba ao redor das 430 atencións anuais, pero nos

derradeiros anos o número de atencións incrementouse en mais dun 30% para o mesmo período, e se acadaron no pasado ano 161 mulleres atendidas máis. Este incremento afecta tanto á asignación de citas de seguemento, como ás citas xa asignadas que en moitas ocasións estanse cambiando de data para acoller casos novos ou urxentes que aparecen coa práctica diaria.

A ampliación do horario a xornada completa do servizo de apoio psicolóxico permitiría: Atender en tempo e intervalos axeitados as situacións complexas que presentan as mulleres que reciben atención psicolóxica no CIM; Recuperar as terapias de grupo, sumamente eficaces na evolución favorable das usuarias. Poder atender adecuadamente a fillas e fillos das mulleres en situación e violencia. Contribuir moi activamente ao fortalecemento de redes de apoio entre as mulleres para xerar tecido social como recurso ante a soidade en moitas destas situacións.

Por todo elo se reflicte a configuración a xornada completa dun posto de Psicólogo adscrito ao CIM que actualmente está previsto a tempo parcial do 40%.

O custe estimado para o ano 2024:

PLAN DE PENSIÓNS

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 37,53€/mes. O acordó de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC acumulado a decembro de 2023 é que é do 5.9%, por elo procede actualizar dito importe polo periodo ata decembro do ano 2023, o que supón que aportación individual anual para o ano 2024 sería de 39.74€/mes, o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2023 de 4.982,59€ anuais.

PLANIFICACIÓN DE RRHH

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Publico (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A/ Promoción Interna

Promoción interna postos existentes de servizos exteriores

Procede continuar co proceso xa iniciado en anteriores anualidades de profesionalización do cadro de persoal municipal e aprobar o seguinte cadro de promoción interna para os postos e servizos seguintes:

DENOMINACIÓN	DOT	R.E.	SubG R	AREA/SERVIZO
OFICIAL	1	F	C2	MEDIOAMBENTE
OFICIAL	2	F	C2	VIAS PÚBLICAS
AUXILIAR BIBLIOTECA	3	F	C2	BIBLIOTECA

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultas e dos postos vencellados a ditas prazas.

OFERTA EMPREGO PÚBLICO

2 prazas vacante de Policía Local C2

2 prazas vacantes de Operario de Emerxencias. AP

1 praza de Técnico Medio Informática A2

1 praza de Técnico Superior Administración Especial A1

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e a evolución inmediata da mesma procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local

aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e relación de postos de persoal eventual.

En consecuencia, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Aprobado o Cadro de Persoal (Plantilla) coas modificacións citadas que comprenden a ampliación de xornada a tempo completo dun posto de psicólogo, a promoción interna de 3 prazas de oficial, 3 de Auxiliar de Biblioteca. E a creación de dous novos postos de persoal eventual.

A valoración dos postos de traballo reflicte nas súas retribucións para o ano 2024 o incremento xeral previsto así como os incrementos acumulados dende o anterior orzamento de 2022, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas.

2.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que a aportación individual anual para o ano 2024 sería de 39.74€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2024 de 4.812,18€ anuais.

3.- Aprobado a realización dunha Oferta de Emprego Público seguinte:

2 prazas vacante de Policía Local C2

2 prazas vacantes de Operario de Emerxencias. AP

1 praza de Técnico Medio Informática A2

1 praza de Técnico Superior Administración Especial A1

4.- Aprobado a convocatoria por Promoción Interna seguinte:

DENOMINACIÓN PRAZA	DOT	R.E.	SubGR
OFICIAL	1	F	C2
OFICIAL	2	F	C2
AUXILIAR BIBLIOTECA	3	F	C2

5.- Publicar o cadro de persoal integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Nembargante a Corporación acordará o que estime pertinente.

En Vilagarcía de Arousa a 12 de xullo de 2024.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

Na Comisión Informativa o Sr. Fajardo Recousó indica que o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria incrementou o seu prezo en máis de 2 millóns de euros anuais. Tamén pregunta polo custe dos postos de persoal eventual.

Finalmente sinala que entregou unha proposta para o orzamento en non obtivo resposta.

A Sra. Suárez Sarmiento mostra o seu rexeitamento á falta de transparencia e resalta que non se impulsou a participación dos grupos políticos, coñeceu antes o anexo de investimentos a prensa, que os membros da corporación.

A Sra. Abalo Pérez indica que os borradores dos orzamentos foron variando en función dos datos do PIE.

A Sra. García Sanmartín sinala que no orzamento figuran propostas dos grupos políticos municipais

Despois das intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta da Alcaldía sobre a aprobación do orzamento xeral do Concello e da FPSDM, correspondente ao exercicio 2024, anexo de investimentos, operación de crédito que o finanza, así como cadro de persoal(plantilla) RPT e oferta de emprego público.

- Incorpórase á sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

O Sr. Alcalde indica que se establece un primeiro turno de 8 minutos e un segundo turno de 5 minutos para as intervencións dos voceiros dos grupos políticos municipais.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- A aprobación do Orzamento Municipal e da FPSDM para o exercicio 2024, polo importe de 39.946.215,24 €:

RESUMO XERAL ORZAMENTO CONSOLIDADO 2024

CAPÍTULO GASTOS	CONCELLO	OA	TOTAL	ELIMINACIONES	CONSOLIDADO
1 GASTOS DE PERSONAL	14.054.681,93	621.593,89 €	14.676.275,82		14.676.275,82
2 GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	14.680.378,19	598.000,00 €	15.278.378,19		15.278.378,19
3 GASTOS FINANCIEROS	314.321,72	50,00 €	314.371,72		314.371,72
4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	3.417.305,76	134.360,00 €	3.551.665,76	1.298.488,89 €	2.253.176,87
5 FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	40.000,00		40.000,00		40.000,00
6 INVERSIONES REALES	6.228.512,64 €	3.500,00 €	6.232.012,64		6.232.012,64
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	52.000,00		52.000,00		52.000,00
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00		150.000,00		150.000,00
9 PASIVOS FINANCIEROS	950.000,00		950.000,00		950.000,00
<i>Total Presupuesto . . .</i>	39.887.200,24 €	1.357.503,89 €	41.244.704,13		39.946.215,24
CAPÍTULO INGRESOS					
1 IMPUESTOS DIRECTOS	12.075.232,43 €		12.075.232,43		12.075.232,43
2 IMPUESTOS INDIRECTOS	560.282,42 €		560.282,42		560.282,42
3 TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	7.077.171,63 €	59.015,00 €	7.136.186,63		7.136.186,63
4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	15.111.676,69 €	1.298.488,89 €	16.410.165,58	1.298.488,89 €	15.111.676,69
5 INGRESOS PATRIMONIALES	9.689,23 €		9.689,23		9.689,23
6 ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES			0,00		0,00
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00		0,00
8 ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00 €		150.000,00		150.000,00
9 PASIVOS FINANCIEROS	4.903.147,84 €		4.903.147,84		4.903.147,84
<i>Total Presupuesto . . .</i>	39.887.200,24 €	1.357.503,89 €	41.244.704,13		39.946.215,24

2.- Aprobar a concertación dunha operación de crédito afectado o seu anexo de investimentos que se incorpora ao expediente de orzamento por importe de 4.903.147,84 €.

3.- Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2024, que ascende a 34.834.052,40€.

4.-Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) coas modificacións citadas que comprenden a ampliación de xornada a tempo completo dun posto de psicólogo adscrito ao CIM, a promoción interna de 3 prazas de oficial, 3 de Auxiliar de Biblioteca. E a creación de dous novos postos de persoal eventual cunha retribución individual anual a tempo completo de 31.636,08€

5.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que aportación individual anual para o ano 2024 sería de 39.74€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2024 de 4.812,18€ anuais.

6.- Aprobar a realización dunha Oferta de Emprego Público seguinte:

- 2 prazas vacante de Policía Local C2

- 2 prazas vacantes de Operario de Emerxencias. AP
- 1 praza de Técnico Medio Informática A2
- 1 praza de Técnico Superior Administración Especial A1

7.- Aprobar a convocatoria por Promoción Interna seguinte:

DENOMINACIÓN PRAZA	DOT	R.E.	SubG R	
OFICIAL	1	F	C2	Medio Ambiente
OFICIAL	2	F	C2	Vías Públicas
AUXILIAR BIBLIOTECA	3	F	C2	Biblioteca

8.- Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo Plan Especial de ordenación de RRHH, coa toma de posesión dos/as candidatos/as que a superen, procederase á amortización ds prazas de resultas e dos postos vencellados a ditas prazas.

9.-- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral do ano 2024.

10.- Publicar o cadro de persoal integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN MUNICIPAL, NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 22 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2023, ao abeiro do disposto no artigo 30.2 do RDL 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, acordou nomear como representantes municipais no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, aos concelleiros seguintes:

- 1 representante do grupo político municipal do PP: Dona Ana M^a Granja Guillán.

- 1 representante do grupo político municipal do PSG-PSOE: Don Lino Mouriño Santiago.

Pola Alcaldía, propónse a seguinte modificación na representación municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa:

Substituír o representante do grupo político municipal do PSG-PSOE (D. Lino Mouriño Santiago) por unha representante do grupo político municipal do BNG: Dona Rosa María Abuín Rodríguez, quedando a representación municipal conformada por Dona Ana M^a Granja Guillán e Dona Rosa María Abuín Rodríguez.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía de modificación da representación municipal, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), 9 votos en contra dos/as Concelleiros/as

pertencentes ó grupo político municipal do PP(9) e 1 abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a modificación na representación municipal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, quedando a representación municipal conformada por Dona Ana M^a Granja Guillán e Dona Rosa M^a Abuín Rodríguez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLICITO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA DA CIDADE. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 22 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 12 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Francisco Xabier Rodríguez Paz, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do establecido no Regulamento Orgánico do Pleno e da restante normativa aplicábel, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O acceso á vivenda, como ben esencial e un dereito social, está a constituír un dos principais problemas en Vilagarcía, xa que impide o asentamento de mocidade e familias pola converxencia de varios factores, como son o continuado encarecemento dos alugueiros, -que aumentaron o seu prezo no conxunto de cidades galegas entre 20.000-50.000 habitantes nun 46,8% nos últimos dez anos-, a reducida oferta de vivendas dispoñibles para alugueiro residencial, e o avance imparábel do fenómeno especulativo da proliferación de vivendas para uso turístico na nosa cidade, que xa acadan as 466, ao que se une a ausencia dun

parque de vivenda pública e social pola inacción da Xunta de Galiza. Os gastos en alugueiro xa se achegan ao 24% da renda media familiar, e o prezo medio de mercado, segundo informe do portal inmobiliario Idealista, situouse en abril deste ano nos 6,9€/m², un 1,78% máis que no mesmo mes de 2020. Cada vez son máis as familias traballadoras e mocidade que literalmente non se poden permitir o luxo de vivir en Vilagarcía, perdendo o dereito a poder habitar a súa propia cidade.

A falta de oferta de vivenda para alugueiro residencial semella vinculada á proliferación de pisos turísticos nunha tendencia que vai en aumento, como se demostra decote tanto en nova construción como na rehabilitación de vivendas ou baixos comerciais sen actividade, amparada no descontrol premeditado da Xunta, que se nega a facer o labor de vixilancia ao dar de alta unha VUT e incorporala ao Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas (REAT) só coa presentación dunha simple declaración responsable, asinada polo propietario, conforme cumpre as normas, pero sen a documentación que o acredite. A propia inacción até o día de hoxe da Xunta de Galiza, con plenas competencias en materia de vivenda, provocou que Vilagarcía careza de parque de vivenda social, sen que saibamos con certeza se, como se anticipou nos medios de comunicación, cara ao final desta década teremos as prometidas 500 vivendas da Estratexia Galega de Solo Residencial (400 protexidas e 100 libres), xa que de aquí a 2028 aínda estaremos a falar de planificación, adquisición do solo, redacción dos proxectos e sinatura co concello. Tampouco o Goberno do Estado contribúe, ao se negar, na práctica, a destinar as vivendas das que é titular a SAREB a usos sociais, e poñer freo ás prácticas de acoso inmobiliario contra poboación vulnerable como a que empezan a padecer a veciñanza. Exemplo disto último é a queixa recibido polo BNG da non renovación do contrato de alugueiro a persoas maiores coa finalidade de destinar a vivenda a uso turístico, moito máis rendible. É por iso que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galiza e Goberno do Estado a cooperaren e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
2. Esixir do Goberno do Estado a cesión de tódolos activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da SAREB ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) existentes no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, coa fin de incrementar a oferta de alternativas habitacionais públicas.
3. Esixir da Xunta de Galiza axilidade no referido á promoción pública de vivenda na nosa cidade, nomeadamente no cumprimento das promesas anunciadas de construción de vivenda, en determinadas áreas de Vilagarcía, no período 2025-2030, sen obviar a oferta da SAREB en lugares como Carril, o Piñeiriño e Os Duráns.
4. Instar ao Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:
 - a) Analizar o grao de tensión do mercado da vivenda na cidade, aos efectos de poder desprezar as medidas legalmente previstas para frear o aumento continuado dos prezos de alugueiro.
 - b) Verificación por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo de que as vivendas de uso turístico rexistradas formalmente na cidade, para operar como tales, contan co preceptivo título habilitante a nivel urbanístico para poder desenvolver a súa actividade, así como do requisito de comunicación previa.
 - c) Elaboración dun plan de inspeccións urbanísticas para comprobar que estes pisos turísticos cumpren co establecido no Código Técnico de Edificación e as demais normas de aplicación, para garantir as súas condicións de accesibilidade, habitabilidade e seguridade; inspeccións que se deberían estender tamén a aqueles inmóbeis que, aínda non rexistrados oficialmente, se teña constancia de desenvolveren actividade como piso turístico.
 - d) Implementar medidas que freen a proliferación de vivendas de uso turístico (VUT) na cidade, e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento, que contemple a esixencia de licenza municipal e o pagamento dunha taxa para o seu funcionamento.
 - e) Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre medidas para frear o aumento do prezo dos alugueiros e facilitar o acceso social á vivenda da cidade.

Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE preséntase a seguinte emenda de substitución:

- Substituír o parágrafo proposto para o punto c) polo seguinte:

c) Para aquelas vivendas de uso turístico das que se teña constancia do incumprimento das condicións de accesibilidade, habitabilidade, seguridade e demais normativa de aplicación, o Concello realizará as inspeccións pertinentes.

Polo grupo político municipal do BNG acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2) e un voto en conta do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada e:

1. Instar a Xunta de Galiza e Goberno do Estado a cooperaren e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para frear o aumento dos prezos da vivenda, nomeadamente en réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.
2. Esixir do Goberno do Estado a cesión de tódolos activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da SAREB ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) existentes no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, coa fin de incrementar a oferta de alternativas habitacionais públicas.
3. Esixir da Xunta de Galiza axilidade no referido á promoción pública de vivenda na nosa cidade, nomeadamente no cumprimento das promesas anunciadas de construción de vivenda, en determinadas áreas de Vilagarcía, no período 2025-2030, sen obviar a oferta da SAREB en lugares como Carril, o Piñeiriño e Os Duráns.
4. Instar ao Goberno municipal a adoptar as seguintes medidas:
 - a) Analizar o grao de tensión do mercado da vivenda na cidade, aos efectos de poder desprezar as medidas legalmente previstas para frear o aumento continuado dos prezos de alugueiro.
 - b) Verificación por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo de que as vivendas de uso turístico rexistradas formalmente na cidade, para operar como tales, contan co preceptivo título habilitante a nivel urbanístico para poder desenvolver a súa actividade, así como do requisito de comunicación previa.
 - c) Para aquelas vivendas de uso turístico das que se teña constancia do incumprimento das condicións de accesibilidade, habitabilidade, seguridade e demais normativa de aplicación, o Concello realizará as inspeccións pertinentes.
 - d) Implementar medidas que freen a proliferación de vivendas de uso turístico (VUT) na cidade, e elaborar unha ordenanza municipal para o seu regulamento, que contemple a esixencia de licenza municipal e o pagamento dunha taxa para o seu funcionamento.
 - e) Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE REXENERACIÓN DA PRAIA "O PREGUNTOIRO": Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 22 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de xullo de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 24 de xullo de 2024 a seguinte MOCIÓN:

Rexeneración da praia de "O Preguntoiro"

EXPOÑEN

A praia de "O Preguntoiro" foi durante anos unha referencia da nosa cidade. O magnífico entorno no que se empra así como a súa area e augas a facían merecedora do distintivo bandeira azul. Lonxe de esa imaxe, fai anos que hai máis formigón que area.

No ano 2015 realizouse a última rexeneración da praia do Preguntoiro. A area chegaba practicamente ata o límite da calzada e estaban conectados os areas a ambos lados da rampa de pedra que facilita á baixada ao mar, por exemplo, das traineras e dos bateis.

Dende o ano 2019, o areal comezaba a mostrar signos de desatención e falta de coidado, e así o denunciámos dende o noso partido. A estética da praia veuse empeorada notablemente dende entón, chegando ao seu punto álxido no presente ano.

Tras múltiples notas de presa, aportacións aos presupostos e propostas reclamando unha actuación urxente por parte do Goberno de España e do Concello de Vilagarcía, hoxe a imaxe, máis que nos pese, atópase moi lonxe do que debe ser a praia de "O Preguntoiro"; o formigón está completamente á vista, e as duchas e pasarelas de madeira en mal estado, e este verán, Vilaxoán foi novamente discriminado ao deixar o goberno local sen socorristas esta praia.

Por estes motivos, a rexeneración da praia do Preguntoiro en Vilaxoán é unha necesidade imperante que deberá ser acometida polo Goberno de España en coordinación cos axentes implicados (veciños, asociacións, mariscadoras, deportistas, etc).

Pese a ser unha petición que lamentablemente se está convertendo en histórica, o goberno de Vilagarcía debe velar pola boa imaxe que debe dar a vila e por iso, propónse esta moción.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

1- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa inste ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para que realice a inmediata rexeneración da praia de "O Preguntoiro".

2- Que o goberno municipal adopte as medidas necesarias para propiciar a rexeneración e renove as pasarelas de madeira e as duchas da praia do Preguntoiro.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre rexeneración da praia "O Preguntoiro".

Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE preséntase a seguinte emenda de adición:

- Instar á Dirección Territorial da Consellería do Mar da Xunta e Portos de Galicia a:

1.- Mellora da contorna portuaria en Vilaxoán e no Carril.

2.- Resolver favorablemente a solicitude do goberno municipal para a desafectación das zonas portuarias de Vilaxoán, solicitada en 2021, para a reversión a dominio municipal.

Polo grupo político municipal do PP aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada e:

1- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para que realice a inmediata rexeneración da praia de "O Preguntoiro".

2- Adoptar as medidas necesarias para propiciar a rexeneración e renove as pasarelas de madeira e as duchas da praia do Preguntoiro.

3.- Instar á Dirección Territorial da Consellería do Mar da Xunta e Portos de Galicia a:

1.- Mellora da contorna portuaria en Vilaxoán e no Carril.

2.- Resolver favorablemente a solicitude do goberno municipal para a desafectación das zonas portuarias de Vilaxoán, solicitada en 2021, para a reversión a dominio municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as Delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas

no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240724&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:05, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.